



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



galicia



Regulamento particular

4º KARTING PORRIÑO 25 DE MAIO DE 2019



LeCONT



FEDERACION GALEGA DE
AUTOMOBILISMO
ESTRADA DE VIGO, 43-BAIXO – O PINO
32001 OURENSE
TFO. 988 272841 – FAX 988 271461
www.fga.es fga@fga.es





REGULAMENTO PARTICULAR

A) CAPITULO I

Art. 1.- DEFINICIÓN DA PROBA

A Escudería HC Competición organiza 4º Karting de Porriño o día 25 de Maio de 2019 a proba é puntuable para os seguintes certames:

- Campionato de Galicia Rookies
- Campionato de Galicia Alevín
- Campionato de Galicia Cadete
- Campionato de Galicia X-30 Junior
- Campionato de Galicia X-30 Senior
- Campionato de Galicia KZ2.

Art. 2.- ORGANIZACIÓN

2.1. Serán de aplicación por orde de prelación:

- Prescricións Comúns de Campionatos, Copas, e Trofeos.
- Regulamento Deportivo de Karting da FGA.
- Regulamento Técnico de Karting da FGA.
- O presente Regulamento Particular.

2.2. Os Estatutos, o Regulamento de Réxime Disciplinario da F.G. de A., e o C.D.I., serán de aplicación con carácter prioritario nos aspectos xerais de procedemento, nas reclamacións e nas apelacións, por orde correlativa.

Todo-os concursantes, e participantes, comprometen-se a respetar estes Regulamentos polo mero feito da súa inscrición no meeting e de estar en posesión dunha licencia federativa.

Art. 3.- SEGUROS

A organización contratará unha póliza de seguro obligatorio, e de responsabilidade civil, coas coberturas mínimas esixidas pola Federación Galega de Automobilismo, e a legislación vixente en materia de seguros de probas deportivas.

Art. 4.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DA PROBA

NOME DA PROBA:

4º KARTING DE PORRIÑO

AUTORIDADE DEPORTIVA

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Crta. De Vigo, 43-baixo.

32001-OURENSE

Telf.: 988 272841

Fax: 988 271461

CLUB ORGANIZADOR:

HC COMPETICIÓN

606 740 382

e-mail: hccompeticion@gmail.com

CIRCUITO:

Circuito permanente de O PORRIÑO

Lonxitude: 850 metros

Ancho: 10 metros

Sentido de xiro: ANTI-HORARIO

Trazado:



Distancia da Proba:

CATEGORIA	SEMIFINAL	FINAL
ROOKIES	7	9
ALEVIN	12	15
CADETE	12	15
X30 Junior-X30 Senior	15	18
KZ2	15	18

Pole Position: ELIXIR POLO PILOTO QUE FAGA A POLE.

NÚMERO DE KARTS ADMITIDOS POR CATEGORIA:

Nos adestramentos: 30

Nas mangas: 30

As inscricións serán admitidas según riguroso orde de recepción.

HORARIOS:

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR	NOTA:	
25.04.2019	09:00	Apertura inscricións	HC COMPETICIÓN 606 740 382 hccompeticion@gmail.com FOLLA DE INSCRICIÓN: https://forms.gle/G3JdA8UcVuLMhmY88	NOTA 1: .- (OS ADESTRAMENTOS LIBRES SON VOLUNTARIOS, NON OBRIGATORIOS, PODENDOSE INCORPORARSE INDISTINTAMENTE A CALQUERA DELES (1, 2, 3, 4 OU 5), CANDO O ESTIME OPORTUNO O EQUIPO PARTICIPANTE). .- (OS ADESTRAMENTOS LIBRES NON SON OBRIGATORIOS, PODENDO REFUSAR A FACELOS OS EQUIPOS). .- (OS ADESTRAMENTOS OFICIAIS SON OBRIGATORIOS). .- (O QUE NON ABONE A CUOTA DOS ADESTRAMENTOS ENTÉNDESE QUE REFUSA A FACELOS. E SÓ FARÁ OS OFICIAIS).	
22.05.2019	20:00	Peche inscricións			
23.05.2019	18:00	Publicación inscritos			
(SÁBADO) 25.05.2019	09:00 a 09:45	Verificacións Administrativas	“Circuito GOKART-PORRIÑO”	NOTA 2: PREZO ADESTRAMENTOS LIBRES: 15 EUROS PREZO INSCRICIÓN: ROOKIES: 50 Euros ALEVÍN: 95 Euros CADETE: 95 Euros X30 Junior: 110 Euros X30 Senior: 110 Euros KZ2: 110 Euros .- PRORRATA PARA O COMISARIO TÉCNICO É DE 10,00 € POR PARTICIPANTE .- (OS ADESTRAMENTOS LIBRES E AS INSCRICIÓN TERANSE QUE ABONAR POR ANTICIPADO POR TRANSFERENCIA BANCARIA ALOMENTOS TRES DÍAS ANTES DA PROBA).	
	10:00	Publicación Autorizados a toma-la saída			
	10:15 a 10:45	Adestramentos libres 1			
		10:15 KZ2/X30 Junior-X30 Senior			
		10:30 Cadete / Alevín			
	11:00 a 11:30	Adestramentos libres 2			
		11:00 KZ2/X30 Junior-X30 Senior			
		11:15 Cadete / Alevín			
	11:45 a 12:15	Adestramentos libres 3			
		11:45 KZ2/X30 Junior-X30 Senior			
		12:00 Cadete / Alevín			
	12:30 a 13:00	Adestramentos libres 4			
		12:30 KZ2/X30 Junior-X30 Senior			
		12:45 Cadete / Alevín			
	13:15 a 14:15	Adestramentos libres 5			
13:15 KZ2					
13:30 X30 Junior-X30 Senior					
13:45 Cadete					
14:00 Alevín					
14:30	BREAFING				
	Adestramentos OFICIAIS				
	15:15 KZ2				
15:15 a 16:15	15:30 X30 Junior-X30 Senior				
	15:45 Cadete				
	16:00 Alevín				
	16:15 Rookies				
	SEMIFINAIS				
16:30 a 17:30	16:30 KZ2				
	16:45 X30 Junior-X30 Senior				
	17:00 Cadete				
	17:15 Alevín				
	17:30 Rookies				
17:45 a 18:45	FINAIS				
	17:45 KZ2				
	18:00 X30 Junior-X30 Senior				
	18:15 Cadete				
	18:30 Alevín				
A continuación	Verificacións técnicas finais obrigatorias ó termino de cada manga final				
	Entrega de Trofeos				

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Desde o día 25 de Maio ás 09:00 horas ata a finalización da proba estará situado na zona de pesaxe.

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados):
Os trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos**, sen ter que esperar ás entregas de premios.

Art. 5.- OFICIAIS DA PROBA

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Gerardo Armesto Vazquez CD1ª-0725-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Antonio Pérez Cid CD1ª-0726-GA.

D. Francisco Riaño Loureiro CD-0112-GA.

D. Gerardo Armesto Vazquez CD1ª-0725-GA.

Director da Carreira:

D. Vicente A. Vázquez Gómez DC1ª-0727-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. José Antonio Penedo Marnotes OBS-0822-GA.

Relacións cos Participantes:

D. Benigno Vázquez Colino CD-1134-GA.

Xefe de boxes:

D. Jesús López Blanco DC-0753-GA.

Comisario Técnico:

D. Alfonso García Eiriz JOC-0554-GA.

D. Hugo Filipe da Silva Marques JOC-1573-GA.

Cronometradores:

D. José Antonio Penedo Marnotes JOB-822-GA.

Servicios Médicos (Team Medical Galicia):

Médico: Rosa Mª. Prieto Granja Colegiado Nº: 36/3607354

D.U.E.: Mª. Jesús Forjan Rodríguez Colegiado Nº: 9260

UVI Móvil: Ambugal

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, antes da celebración da proba.

Todo-os oficias estarán considerados como Xuíces de Feitos (o resto de oficiais que actúen na proba, serán relacionados neste regulamento ou anexo ó mesmo, debendo figurar coa función a desenrolar e o seu número de licencia)

CAPITULO II

Art. 1.- PARTICIPANTES ADMITIDOS

ROOKIES/ALEVIN: Pilotos con licenza AL-****-GA

CADETE Pilotos con licenza CD-****-GA

X-30 Junior Pilotos con licenza JR-****-GA

X-30 Senior Pilotos con licenza SR-****-GA

KZ2 Pilotos con licenza SR-****-GA

Os Concursantes, deberán estar en posesión da Licenza de "concurante" correspondente. As persoas indicadas, polos concursantes/pilotos para axudar nos Parques ou Preparrilla, deberán posuír Licenza de Asistencia obrigatoriamente. Todo piloto que sexa axudado por outra persoa que non estea debidamente licenciada será excluído.

Art. 2.- KARTS ADMITIDOS. Serán admitidos os karts, e o material que figura nos Regulamentos publicados ó efecto pola Federación Galega de Automobilismo.



Art. 3.- INSCRIPCIONS. Toda persoa que desexe participar na proba 4º Karting de Porriño deberá remiti-lo abono da inscrición, debidamente cumprimentado, en:

FOLLA DE INSCRIPCIÓN: <https://forms.gle/G3JdA8UcVuLMhmY88>.

HC COMPETICION

Avda. Buenos Aires, 103-Sotano 1 32004 Ourense

e-mail: hccompeticion@gmail.com

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 17 de Abril de 2019.

IMPORTANTE: Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en "<http://www.fga.es/>" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

O prazo de admisión de inscricións pecharase 3 días antes do inicio da proba, data na que se publicará a lista de inscritos.

Salvo autorización da FGA un kart, e o piloto, pode inscribirse soamente nunha soa categoría.

Os dereitos de inscrición serán satisfeitos na conta corrente nº **ES38 0081 0504 1600 0116 5117 (BANCO SABADELL)**.

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, dacordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

O coste dos dereitos de inscrición, para a categoría de ROOKIES fíxase para circuitos permanentes nun máximo en **50 €** aceptando a publicidade do organizador, e de **100 €** sen aceptala.

O coste dos dereitos de inscrición, para as categorías de ALEVIN e CADETE fíxanse para circuitos permanentes nun máximo en **95 €** aceptando a publicidade do organizador, e de **190 €** sen aceptala.

O coste dos dereitos de inscrición, para as categorías de X30 Junior, X30 Senior e KZ2 fíxanse para circuitos permanentes nun máximo en **110 €** aceptando a publicidade do organizador, e de **220 €** sen aceptala.

Adestramentos oficiais: Son obrigatorios.

Adestramentos libres: O custo total será de **15 €uros**, por piloto. Os adestramentos libres son voluntarios, **non obrigatorios**, podándose incorporar indistintamente a calquera deles (1, 2, 3, 4 ou 5), cando estime oportuno o equipo participante, podendo refuser a facelos os equipos. O que non abone a cuota dos adestramentos enténdese que refusa a facelos. E só fará os adestramentos oficiais.

Artigo 4.- PREMIOS.

Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes:

Trofeo ós tres (3) primeiros clasificados de cada categoría:

ROOKIES	ALEVIN	CADETE	X30 Junior	X30 Senior	KZ2
1º Trofeo	1º Trofeo	1º Trofeo	1º Trofeo	1º Trofeo	1º Trofeo
2º Trofeo	2º Trofeo	2º Trofeo	2º Trofeo	2º Trofeo	2º Trofeo
3º Trofeo	3º Trofeo	3º Trofeo	3º Trofeo	3º Trofeo	3º Trofeo

Art. 5.- VARIOS.

a.) A prorrata para o comisario técnico é de **10,00 euros** por participante.

b.) A publicidade obrigatoria para as cinco categorías será publicada en anexo a este regulamento.

c.) A oficina oficial da proba estará instalada no microbús da Federación, sito na liña de meta.

d.) O microbús terá instalada unha sirena de barco, de decibelios suficientes para ser escoitada en todo o parque de traballo-pechado; e sonará unha vez, durante 60 segundos, para avisar dos cinco últimos minutos para posicionarse para a pre-grella para o inicio da manga.



O Participante que non estea na grella de saída cando lle corresponda será penalizado con ter que saír na última posición da manga, ou si o tempo é de ampla demora será excluído a criterio exclusivo do Director da Proba.

Art. 6.- PUBLICIDADE.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Obrigatoria: EN COMPLEMENTO publicado ó efecto que será publicado e distribuído ós participantes con antelación suficiente para a súa pegada.

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes: EN COMPLEMENTO

Don Gerardo Armesto Vázquez, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD1ª-0725-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba
N.I.F.: 34994872G
Licencia DC1ª-0727-GA

Entidade: Esc. HC Competición
C.I.F.: G32447195
Fdo: Presidente D. Gerardo Armesto Vázquez
Licencia CD1ª-0725-GA



ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2019 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa "**Licencia Autonómica Única**", expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo, e coa expedida pola F.P.A.K.

2.- A vista de que varias federacións infrinxen a obrigatoriedade de ser titular (piloto) dun **permiso de condución** como modo de verificar que o conductor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da **Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial**. Por todo elo a Federación Galega de Automobilismo **prohibe a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución**, expedido pola D.G.T. ou similar doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licencia federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licencia federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venda, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2019, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.

C.- Todo participante que non sinale na folha de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2019, inclusive, serán considerados "**OPEN**", agás a PXP 19 Junior.

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA. Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Ratifícase o acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de Automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañán do 12 de Outubro de 2015.

2-Ratifícase o acordo de Asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., o día 12/10/15, sobre o prezo unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licencia Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas. **Non serán admitidas a participar, nos Campionatos de Galicia 2019, as "Licencias Autonómicas Exclusivas" expedidas polas Federacións Autonómicas, que se contraponen ó acordo Asembleario da RFEDA, de 12/10/15, que teñen e fan de competencia desleal coas "Licencias Autonómicas Únicas". (Únicas legais para participar en probas en Galicia).**

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2019, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida **por calquera Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do prezo unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.**

4-O prezo de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2019, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do prezo de licencias **establécese en 190 euros** a abonar a F.G. de A. antes da proba.

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán válidas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2019, e será comunicado a todas as Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español, así como a RFEDA.

7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de prezos de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", **non serán expedidas nen admitidas**, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, **nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia**, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia. A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación Deportiva Galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elexible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo". As licenzas que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo".